



### XUNTA DE GALICIA

#### CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA. AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS. SERVIZO PROVINCIAL DE LUGO

##### Anuncio

Autorizado o correspondente pago de expropiacións dos terreos ocupados con motivo das obras de:

Obra: MODIFICADO Nº 1 ADAPTACIÓN DA ESTRADA LU-934. TREITO: FRIOL (LU-232)-LIMITE DE PROVINCIA AO PLAN DE BAIXA IMD MELLORADA

Termo municipal: FRIOL

Clave: LU/10/095.02 M1

Este servizo provincial da Axencia Galega de Infraestruturas resolveu:

Sinalar a data de pago, segundo a relación de afectados que se achega.

Día: 13 de novembro de 2018

Lugo, 2 de outubro de 2018.- O xefe do servizo, Gerardo Pallares Sánchez.

**Expediente: 3056**

Término municipal de:	FRIOL
Informe de direccións dos predios expropiados con motivo das obras:	Modificado nº1 adaptación da estrada LU-934. Treito: Friol (LU-232)- Límite de provincia ao plan de baixa imd mellorada
Clave:	LU-10-095-02-M-1

PREDIO/S	TITULAR	ENDEREZO
310	ESPIÑO LOPEZ PERFECTO, OTERO LEAL MARIA ASUNCION, ESPIÑO LOPEZ CELIA, CABADO URIZ ANGEL	AL XONDO NOVEFONTES Nº2 15822 TOURO A CORUÑA
146CO; 144CO	MONTECELO LODEIRO ANGELA, ESPIÑO MONTECELO MARIA DE LOS ANGELES, JOSE MANUEL, JOSE ANGEL	LG CARBALLO. 27229 FRIOL. LUGO
308CO; 307CO; 305CO	MVMC DE SILVELA	PQ. SILVELA ( SANTA MARIA). 27228-FRIOL. LUGO

R. 2813

##### Anuncio

Autorizado o correspondente pago de expropiacións dos terreos ocupados con motivo das obras de:

Obra: CORREDOR SARRIA-MONFORTE DE LEMOS. TREITO: NOCEDA-A ÁSPERA

Termo municipal: BÓVEDA

Clave: LU/03/007.01.2

Este servizo provincial da Axencia Galega de Infraestruturas resolveu:

Sinalar a data de pago, segundo a relación de afectados que se achega.

Día: 13 de novembro de 2018

Lugo, 2 de outubro de 2018.- O xefe do servizo, Gerardo Pallares Sánchez.

**Expediente: XX1755**

Término municipal de:	BOVEDA
Informe de direccións dos predios expropiados con motivo das obras:	Corredor Sarria-Monforte de Lemos. Treito: Noceda- A Áspera
Clave:	LU-03-007-01-2

PREDIO/S	TITULAR	ENDEREZO
385CO1; 380CO1; 378CO1; 377CO2	VAZQUEZ LUACES JOSE, TRINIDAD	RUA MESTRE SAAVEDRA. 27600. SARRIA. LUGO

R. 2814

### *Anuncio*

Autorizado o correspondente pago de expropiacións dos terreos ocupados con motivo das obras de:

Obra: PROXECTO MODIFICADO Nº 1 DO PROXECTO DE ACTUALIZACIÓN E TERMINACIÓN DAS OBRAS ACCESO AO PORTO DE BURELA

Termo municipal: BURELA

Clave: LU/06/048.03.1 M1

Este servizo provincial da Axencia Galega de Infraestruturas resolveu:

Sinalar a data de pago, segundo a relación de afectados que se achega.

Día: 13 de novembro de 2018

Lugo, 2 de outubro de 2018.- O xefe do servizo, Gerardo Pallares Sánchez.

**Expediente: 3055**

Término municipal de:	BURELA
Informe de direccións dos predios expropiados con motivo das obras:	Proxecto modificado nº1 do proxecto de actualización e terminación das obras acceso ao porto de Burela
Clave:	LU-06-048-03-1-M-1

PREDIO/S	TITULAR	ENDEREZO
102CO1	GONZALEZ CASTRO MARIA YOLANDA, CASTRO PICO OLIMPIA	EIJO GARAY 9 2º IZDA. 27880 BURELA. LUGO
69CO2	PESCADOS RUBEN S.L.	PQ NOIS 27893- FOZ-LUGO

R. 2815

*Anuncio*

Autorizado o correspondente pago de expropiacións dos terreos ocupados con motivo das obras de:

Obra: ELLORA DA ESTRADA LU-124. TREITO: LINDÍN (A8)-A CRUZ DA CANCELA (LU-122)

Termo municipal: MONDOÑEDO

Clave: LU/15/101.10

Este servizo provincial da Axencia Galega de Infraestruturas resolveu:

Sinalar a data de pago, segundo a relación de afectados que se achega.

Día: 13 de novembro de 2018

Lugo, 2 de outubro de 2018.- O xefe do servizo, Gerardo Pallares Sánchez.

**Expediente: X1754**

Término municipal de:	MONDOÑEDO
Informe de direccións dos predios expropiados con motivo das obras:	
Clave:	LU-15-101-10

PREDIO/S	TITULAR	ENDEREZO
28-0	BARREIRA COMENDEIRO TOMAS	SANTA MARIA MAIOR, 11. 27742MONDOÑEDO.LUGO
36	BARREIRA COMENDEIRO TOMAS, BARREIRA LEIRAS FAUSTINO	
71-0	BOUSO RODRIGUEZ MARIA ISABEL	FERRERÍA, 11 – SANTA MARÍA MAIOR. 27742 MONDOÑEDO. LUGO
73-0; 76-0; 75-0; 73CO1	BOUSO SAAVEDRA PABLO	CURROS-SANTA MARÍA MAIOR, 2. 27740MONDOÑEDO.LUGO
53-0	BOUSO VARELA MARIA JOSEFA	MAIOR, 5. 27742 MONDOÑEDO
79-0	CHAO COMENDEIRO ESANDINO	BRETOÑA, 16. 27286 A PASTORIZA
54-0	COMENDEIRO GARCIA MARIA TERESA	S. ANTONIO MARÍA CLARET, 416 – 2º-1ª. 08027BARCELONA
49-0	COMENDEIRO MOIRON MARIA ERMITAS	SANTA MARIA MAIOR-MOURAL, 14. 27740MONDOÑEDO.LUGO
72CO1; 72-0	DIAZ MARTINEZ MANUELA; BOUSO DIAZ JOSE NICOLAS	LINDÍN, 2. 27742MONDOÑEDO
43CO1; 84CO1; 20CO1	DIRECCION GENERAL DEL PATRIMONIO DEL ESTADO-MINISTERIO DE ECON	
55-1CO; 55-1	FIALLEGA GARCIA BRIGIDA	
2-0; 2CO1	GARCIA BOUSO JOSE RAMON	CURROS-SANTA MARÍA MAIOR, 13. 27742 MONDOÑEDO.LUGO
93-0	GARCIA CHAVARRIA MARY LUZ; MUÑIZ RODRIGUEZ JOSE JAIME	ESTRADA N-634, KM. 571, 300-27790 BARREIROS. LUGO
69-0	GARCIA COMENDEIRO MANUEL	SANTA MARIA MAIOR, 9. 27742MONDOÑEDO.LUGO
61-0; 61CO1; 87-0	GARCIA GARCIA FRANCISCO	SANTA MARIA MAIOR-BRAÑA, 1. 27742MONDOÑEDO.LUGO

14-0; 14CO1	GARCIA GOMEZ LUCIANO; BRUÑEIRO BALSEIRO MARIA JOSE	STA M. <sup>a</sup> MAIOR - CURROS, 10. 27742 MONDOÑEDO
17-0; 18-0; 19-0	GARCIA GRUÑEIRO CONSTANTINO	CURROS-SANTA MARÍA MAIOR, 25. 27742 MONDOÑEDO.LUGO
6-0; 6CO1; 68-0; 66-0	GARCIA IRIGOYEN MANUEL	FONDO DA VILA, 7 - SANTA MARÍA MAIOR. 27742 MONDOÑEDO
97-0; 97CO1	GARCIA MOIRON MERCEDES	MAIOR, 3. 27742MONDOÑEDO.LUGO
32CO1; 32-0	GARCIA SAAVEDRA MARIA SOL	
65-0	GOMEZ BOUSO ATILANO	SANTA MARIA MAIOR, 13. 27742 MONDOÑEDO.LUGO
12-0	GOMEZ GARCIA CONCEPCION	STA M. <sup>a</sup> MAIOR - CURROS, 10. 27747 MONDOÑEDO
77-0; 78-0; 78CO1	GOMEZ GARCIA SEVERINA	MEILAN-SANTALLA, 13. 27743RIOTORTO.LUGO
35CO1; 35-0	GONZALEZ TEIJEIRO MARIA AURORA	
4CO1; 4-0	GRUÑEIRO LEITON M MAGDALENA	
80-0; 80CO1	IGLESIAS RODRIGUEZ CONCEPCION	MAIOR BRAÑA-SANTA MARÍA MAIOR, 6. 27742 MONDOÑEDO
3-0; 7-0; 10-0; 10CO1	IRIGOYEN MOIRON MARIA HERMENTINA	CURROS-SANTA MARÍA MAIOR, 15. 27742 MONDOÑEDO.LUGO
55-0	JARDON BOUSO JOSEFA, BOUSO JARDON GENEROSO- PARALIZADO	ESPASANDE DE ABAIXO, 1. 27744 RIOTORTO. LUGO
40CO1; 42-0; 40-0; 39-0	LOPEZ CASTRO CONCEPCION; LOPEZ CASTRO INES; LOPEZ CASTRO PEDRO	
64-0	M. <sup>a</sup> CONCEPCIÓN COMENDEIRO MUIÑO	SANTA MARIA MAIOR, 3. 27740 MONDOÑEDO.LUGO
8CO1; 8-0	MENDEZ FIALLEGA HERMES	
16-0; 16CO1	MENDEZ FREIRE JOSE	SANTA MARIA MAIOR, 2 . 27740MONDOÑEDO.LUGO
96-0	MORALES MORALES GUSTAVO	
33-0; 34-0	MUIÑO COMENDEIRO JOSE	R/ PASATEMPO, 26. 27740 MONDOÑEDO. LUGO
41-0	MVMC DE STA MARIA MAIOR EXP 16/79	SANTA MARIA MAIOR. 27742 MONDOÑEDO.LUGO
37CO1	OSEIRA EXPOSITO ANTONIO	
1-0	PEREZ POLO JOSE RAMÓN	CURROS-SANTA MARÍA MAIOR, 5. 27749 MONDOÑEDO.LUGO
91-0	PEREZ SAAVEDRA JOSEFA	R/ FEBRERO, 13. 27740 MONDOÑEDO
27-0	PERTEGA DIAZ SONIA	RONDA DE OUTEIRO, 217 - 2º A. 15007 A CORUÑA
81-0; 81CO1	PERTEGA IGLESIAS LUCIA	SANTA MARIA MAIOR, 7. 27742MONDOÑEDO.LUGO
70-0	PERTEGA MORALES PLACIDO	FONDO DA VILA, 14 - SANTA MARÍA MAIOR. 27742 MONDOÑEDO

26-0	PERTEGA PERTEGA FERNANDO; PERTEGA RODRIGUEZ TOMAS	AUTEIRO-SAN JORGE, 5. LOURENZÁ. LUGO
62-0	PERTEGA RODRIGUEZ TOMAS	SANTA MARIA MAIOR, 2. 27742 MONDOÑEDO.LUGO
100-0; 100CO1	PILLADO CORTON JOSE	SANTALLA, 10 - MEILÁN. 27744 RIOTORTO. LUGO
99CO1; 99-0	PILLADO CORTON JOSE; BASANTA CARBALLEIRA DIVINA	SANTALLA, 10 - MEILÁN. 27744 RIOTORTO. LUGO
88CO1; 83CO1; 83-0; 86CO1; 85CO1; 85-0; 86-0; 88-0	RAMALLAL GARCIA ANA MARIA	IOR BRAÑA-SANTA MARÍA MAIOR, 6. 27742 MONDOÑEDO
63CO1; 52CO1; 67CO1	RAMALLAL GARCIA ANSELMO	BRAÑA, 10 -SANTA MARÍA MAIOR. 27742 MONDOÑEDO
89-0; 89CO1	RODRIGUEZ FIALLEGA FELICITAS	MAIOR, 4. 27742 MONDOÑEDO
82-0	SAMPEDRO CHAO JOSE	BRAÑA-SANTA MARÍA MAIOR, 5. 27742 MONDOÑEDO
45-0	SECO GARCIA MARIA VISITACION	LLANO - SANTO TOMÉ, 5. 27751 LOURENZÁ. LUGO

R. 2816

## CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

### Anuncio

**Resolución do 24 de setembro de 2018, da Dirección Xeral de Enerxía e Minas, pola que se fai público o Acordo do Consello da Xunta, do 13 de setembro de 2018, polo que se declara a utilidade pública, en concreto, así como a prevalencia sobre diversos aproveitamentos forestais da modificación do parque eólico Carracedo, emprazado nos concellos da Pastoriza e Mondoñedo (Lugo) e promovido pola sociedade Norvento, SL (LU-11/126-EOL).**

En cumprimento do disposto no artigo 148 do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, faise público o Acordo do Consello da Xunta, do 13 de setembro de 2018, polo que se declara a utilidade pública, en concreto, así como a prevalencia sobre diversos aproveitamentos forestais da modificación do parque eólico Carracedo, emprazado nos concellos da Pastoriza e Mondoñedo (Lugo) e promovido pola sociedade Norvento, SL (LU-11/126-EOL).

Santiago de Compostela, 24 de setembro de 2018.- O director xeral de Enerxía e Minas, Ángel Bernardo Tahoces.

### ANEXO

**Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 13 de setembro de 2018, polo que se declara a utilidade pública, en concreto, así como a prevalencia sobre diversos aproveitamentos forestais da modificación do parque eólico Carracedo, emprazado nos concellos da Pastoriza e Mondoñedo (Lugo) e promovido pola sociedade Norvento, SL (LU-11/126-EOL).**

Examinado o expediente iniciado por solicitude de NORVENTO, SL en relación coa declaración de utilidade pública, en concreto, da modificación do parque eólico Carracedo, constan os seguintes

### ANTECEDENTES DE FEITO

**Primeiro.** Mediante Resolución do 20 de decembro de 2010 pola que se aproba a relación de anteproxectos de parques eólicos seleccionados ao abeiro da *Orde do 29 de marzo de 2010 para a asignación de 2.325 MW de potencia na modalidade de novos parques eólicos en Galicia* (DOG nº 248, do 28 de decembro), admitiuse a trámite o parque eólico Carracedo (en adiante o *parque eólico*) cunha potencia de 9 MW e promovido por Norvento, SL (en adiante o *promotor*).

**Segundo.** O 22.01.2011, Norvento, SL, solicitou a autorización administrativa, a aprobación do proxecto de execución e a declaración, en concreto, de utilidade pública para o parque eólico. Posteriormente, o 27.06.2011, o promotor solicitou a aprobación do proxecto sectorial do parque eólico.

**Terceiro.** O 23.04.2012 e o 03.07.2012 a Xefatura Territorial de Lugo da Consellería de Economía e Industria (en adiante a xefatura territorial) informou sobre os dereitos mineiros afectados polo parque eólico. No primeiro dos informes inclúese unha solicitude de concesión de explotación e no segundo infórmase que non existe ningún dereito mineiro afectado, posto que a dita solicitude foi cancelada.

**Cuarto.** O 08.04.2014 a Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental formulou a Declaración de Impacto Ambiental relativa ao parque eólico, que se fixo pública por Resolución do 8 de maio de 2014 da Dirección Xeral de Enerxía e Minas (DOG nº 176, do 15 de setembro de 2015).

**Quinto.** O 28.09.2015, a Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo emitiu, en relación co proxecto sectorial do parque eólico, o informe previsto na Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental.

**Sexto.** O 18.01.2016, o Servizo de Montes de Lugo, emitiu o informe previsto no artigo 45 da Lei 8/2009, do 22 de decembro.

**Sétimo.** O 17.03.2016 o Consello da Xunta acordou autorizar as instalacións, aprobar o proxecto de execución e declarar a utilidade pública, en concreto, do parque eólico. O dito Acordo fixose público por Resolución do 21 de marzo de 2016 da Dirección Xeral de Enerxía e Minas (DOG nº 76 do 19.04.2018).

**Oitavo.** O 24.11.2017, de acordo co establecido na disposición transitoria terceira da Lei 5/2017, do 19 de outubro, o promotor solicitou a tramitación do expediente de acordo co procedemento establecido pola dita lei.

**Noveno.** O 19.12.2017 o promotor presentou unha modificación do proxecto do parque eólico, solicitando o seu recoñecemento como non substancial.

**Décimo.** O 21.12.2017, o Consello da Xunta declarou de interese especial o parque eólico referido, o que ten como efectos a tramitación de forma prioritaria e con carácter de urxencia e a redución á metade dos prazos necesarios na instrución do procedemento.

**Décimo primeiro.** O 17.04.2018 o promotor solicitou a modificación da utilidade pública do parque eólico, de acordo coas modificacións recollidas no antecedente de feito noveno, achegando a correspondente relación de bens e dereitos afectados.

**Décimo segundo.** Mediante oficios do 09.05.2018, e de acordo co disposto no artigo 45.3 da Lei 8/2009, do 22 de decembro, a Dirección Xeral de Enerxía e Minas efectuou o trámite de audiencia á Comunidade de Montes Veciñais de Carracedo e Rioseco e ao Concello da Pastoriza.

**Décimo terceiro.** Mediante escritos do 14.05.2018, a Dirección Xeral de Enerxía e Minas, notificou ás persoas interesadas as modificacións introducidas na relación de bens e dereitos afectados. En relación con estas notificacións no se presentaron alegacións.

**Décimo cuarto.** O 01.06.2018 a xefatura territorial informou que a modificación solicitada para o parque eólico non se ve afectada por ningún dereito mineiro, ratificando os informes do 23.04.2012 e do 03.07.2012.

**Décimo quinto.** O 28.06.2018 o promotor achegou a documentación acreditativa do acceso e punto de conexión á rede de transporte ou distribución para a potencia adicional derivada da modificación do parque eólico, de acordo co establecido no artigo 38.3.a) da Lei 8/2009, do 22 de decembro.

**Décimo sexto.** Por Resolución do 4 de xullo de 2018, a Dirección Xeral de Enerxía e Minas recoñeceu como non substancial a modificación do parque eólico.

**Décimo sétimo.** O 04.09.2018 a Dirección Xeral de Ordenación Forestal, en cumprimento do previsto no artigo 45.4 da Lei 8/2009, do 22 de decembro, remitiu o informe favorable do Servizo de Montes de Lugo do 29.08.2018.

Aos antecedentes de feito descritos sonlle de aplicación os seguintes

#### FUNDAMENTOS DE DEREITO

**Primeiro.** O Consello da Xunta de Galicia é competente para resolver este procedemento con fundamento no artigo 45.6 da Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental, modificada pola Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia.

**Segundo.** No expediente instruído para o efecto cumpríronse os trámites de procedemento establecidos na *Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico, no Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica*, na Lei 8/2009, do 22 de decembro, modificada pola Lei 4/2014, do 8 de maio, e pola Lei 5/2017, do 19 de outubro, na *Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas*, e demais normas vixentes de aplicación.

**Terceiro.** Tal e como se recolle nos antecedentes de feito terceiro e décimo cuarto, o Servizo de Enerxía e Minas de Lugo informou que as modificacións solicitadas non afectan a ningún dereito mineiro vixente.

**Cuarto.** Como se indicou no antecedente de feito décimo terceiro non se recibiron alegacións sobre a modificación do parque eólico.

De acordo con todo o que antecede, o Consello da Xunta de Galicia adopta o seguinte **ACORDO**

**Primeiro.** Declarar a utilidade pública, en concreto, das instalacións da modificación do parque eólico Carracedo, segundo o previsto nos artigos 54 e 56 da Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico, o que leva implícita a necesidade de ocupación dos bens ou de adquisición dos dereitos afectados e implica a urxente ocupación aos efectos do artigo 52 da Lei de expropiación forzosa do 16 de decembro de 1954 (BOE nº 351, do 17 de decembro).

**Segundo.** Declarar a prevalencia da utilidade pública do parque eólico Carracedo sobre o interese xeral dos aproveitamentos forestais afectados, en conformidade co informe do Servizo de Montes de Lugo do 29.08.2018 e remitido pola Dirección Xeral de Ordenación Forestal o 04.09.2018, ao que fai referencia o artigo 45.4 da Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental, modificada pola Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia.

Este acordo publicarase no Diario Oficial de Galicia e no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, de acordo co establecido no artigo 148 do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro.

Contra este acto, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da súa notificación, de acordo co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte ao da notificación desta resolución, de conformidade co establecido nos artigos 10, 14 e 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, sen prexuízo de que os interesados poidan interpoñer calquera outro recurso que estimen pertinente.

R. 2794

## CONCELLOS

### BECERREÁ

#### *Anuncio*

#### INFORMACIÓN PÚBLICA

Dacordo co disposto no art. 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais ó que se remite o artigo 177 do mesmo texto, e no artigo 20.1 en relación co 38.2 do Real Decreto 500/90, de 20 de abril, ponse en coñecemento que na Secretaría-Intervención deste Concello atópase exposto ó público o expediente número 1084/2018, de modificación de créditos 12/2018; suplemento de créditos e crédito extraordinario modificación que se financia con cargo ao remanente líquido de tesourería e para a aplicación do superávit con modificación do anexo de inversións.

Os interesados lexítimos segundo o disposto polo art. 170 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e polos motivos fixados no número dous do mesmo, poderán presentar reclamacións conforme ós seguintes trámites:

- Prazo de exposición e admisión de reclamacións: 15 días hábiles a partir do seguinte ó da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.
- Oficina de presentación: Rexistro Xeral.
- Órgano ante o que se reclama: Pleno do Concello de Becerreá.

Becerreá, 3 de outubro de 2018.- O Alcalde, Don Manuel Martínez Núñez.

R. 2851

**CASTRO DE REI***Anuncio***Aprobación inicial de suplemento de crédito número 1/2018.**

O Pleno do Concello de Castro de Rei, en sesión celebrada o día 2 de outubro de 2018, aprobou inicialmente o expediente de suplemento de crédito número 1/2018.

O expediente permanecerá exposto ao público, previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, perante o prazo de quince días hábiles, contados a partir do seguinte ao da súa publicación no citado Boletín Oficial, para os efectos de exame e presentación de reclamacións ante o Pleno, segundo o disposto no artigo 179.4, en relación có 169 do Real Decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Se ao remate do período de exposición pública non se presentaran reclamacións, o expediente considerarase definitivamente aprobado, conforme ao establecido na citada lexislación.

Castro de Rei, 3 de outubro de 2018.- Alcalde-presidente, Francisco Javier Balado Teijeiro.

R. 2812

**CERVO***Anuncio*

Visto o procedemento tramitado para a concesión de axudas para a adquisición de material escolar e libros de alumnas/os de educación infantil (2º ciclo) do CEIP PENÍNSULA DA PAZ do Concello de Cervo (axudas para a escolarización curso 2018/2019), procede remitir ó B.O.P., con carácter de urxente, o contido das bases reguladoras aos efectos de outorgarlle publicidade a dita convocatoria de subvención.

**AXUDAS PARA A ESCOLARIZACIÓN****CURSO 2018/2019**

**BASES REGULADORAS PARA A CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA A ADQUISICIÓN DE LIBROS E MATERIAL ESCOLAR DE ALUMNAS/OS DE EDUCACIÓN INFANTIL (2º CICLO) DO CEIP PENÍNSULA DA PAZ DO CONCELLO DE CERVO**

**1.- OBXECTO E FINALIDADE DAS AXUDAS**

O obxecto desta convocatoria é facer efectivo o principio de igualdade no exercicio do dereito á educación e o seu fin é compensar a aquelas familias que polas súas condicións socioeconómicas teñan máis dificultades para afrontar os gastos derivados da adquisición de libros e material escolar.

Polo tanto, o obxecto das presentes bases é a concesión de axudas a familias para a adquisición de libros de texto e material escolar de alumnas/os matriculadas/os no 2º ciclo de Educación Infantil no CEIP PENÍNSULA DA PAZ do Concello de Cervo.

**2.- BENEFICIARIAS/OS**

As axudas poderán ser solicitadas polos pais/nais ou titores/as das/os alumnas/os que reúnan os seguintes requisitos:

1. Que todos os membros da unidade familiar estean empadroada e teñan residencia efectiva no Concello de Cervo.

2. Ter fillas/os cursando estudos de educación infantil (2º ciclo) de 3 a 5 anos no CEIP PENÍNSULA DA PAZ, no curso 2018-2019.

3. Non superar os ingresos económicos fixados no punto terceiro destas bases

4. Non ser debedor/a da Facenda Municipal, Autonómica e Estatal, así como da Seguridade Social

5. Non ter pendente de xustificación ningunha subvención outorgada polo Concello de Cervo.

6. Non estar incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiario, recollidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia e no artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

No caso das unidades familiares que teñan aberto un expediente no departamento municipal de Servizos Sociais e que non reúnan os requisitos para solicitar as axudas, queda aberta a posibilidade da súa concesión segundo a valoración das profesionais do departamento municipal de Servizos Sociais para aqueles casos que por razón de necesidade, precariedade ou urxencia se atopen nunha situación de risco e/ou desprotección, sendo necesario nestes casos un informe da traballadora social do concello, co visto e prace do/a concelleiro/a de Asuntos



Sociais, e o compromiso de cumprimento por parte das/os usuarias/os dos obxectivos fixados na intervención sociofamiliar realizada pola profesional correspondente (traballadora social).

As/os beneficiarias/os terán as seguintes obrigas co Concello de Cervo:

- a. Cumprir a actividade obxecto da subvención, é dicir, realizar o gasto en libros e material escolar para os cursos nos que se acredite a matriculación.
- b. Adquirir os libros e material escolar nun establecemento comercial do Concello de Cervo.
- c. Cumprir todos os requisitos recollidos no punto 2 das bases reguladoras.
- d. Someterse ás actuacións de comprobación da veracidade dos datos reflectidos na documentación presentada, así como do cumprimento dos requisitos para a concesión da axuda e colaborar co concello nas ditas actuacións
- e. Comunicar ao Concello de Cervo calquera modificación nas circunstancias esixidas para a concesión da axuda

### 3.- CRITERIOS DE VALORACIÓN

Para outorgar as axudas aplicarase o seguinte baremo:

- No caso de que a Renda per cápita familiar sexa igual ou inferior ao IPREM (Indicador Público de Renda de Efectos Múltiples), a axuda será de 130,00€ para cada alumno/a beneficiario/a.
- Cando a Renda per cápita familiar estea entre o 100% e o 150% do IPREM a axuda será de 100 € para cada alumno/a beneficiario/a.

A contía anual do IPREM para o ano 2018 é de 6.454,03 € segundo a Lei 6/2018, de 03 de xullo, pola que se aproban os Presupostos Xerais do Estado para o exercicio 2018, relativa a la fixación do IPREM para dito exercicio.

No suposto de que as solicitudes de axuda supere o crédito orzamentario dispoñible, 4.000,00€, iniciárase a concesión das axudas polas solicitudes cunha renda percápita inferior ata o esgotamento do crédito.

### RENDA PER CÁPITA FAMILIAR E DETERMINACIÓN DA UNIDADE FAMILIAR

Enténdese por renda percápita familiar a suma das rendas familiares do exercicio 2017 dividida entre o número de membros da unidade familiar computables que obteñan ingresos de calquera natureza.

Para os efectos do cálculo da renda per cápita, son membros computables o pai, a nai, titor ou persoa encargada da garde e protección do/a menor, se é o caso, as/os irmáns solteiros menores de 25 anos, que convivan no domicilio familiar a 31 de decembro de 2017, ou as/os maiores desta idade, cando se trate de persoas con discapacidade física, psíquica ou sensorial. No caso de que algún dos proxenitores ou titores/as do/a menor non conviva no domicilio familiar deberá ser xustificado documentalmente mediante sentenza xudicial de separación ou divorcio e/ou convenio regulador onde conste a custodia do menor.

Se computarán por dous os membros da unidade familiar cunha discapacidade igual ou superior ao 33% ou os que estean valorados como dependentes en calquera dos graos establecidos segundo a Lei 39/2006, de 14 de decembro, de Promoción da autonomía persoal e atención a persoas en situación de dependencia.

No caso de divorcio, separación legal ou de feito dos pais, non se considerará membro computable aquel deles que non conviva coa persoa solicitante, sen prexuízo de que na renda familiar se inclúa a súa contribución económica

Terá a consideración de membro computable, se é o caso o/a novo/a cónxuxe ou persoa unida por análoga relación cuxas rendas e patrimonio se incluírán dentro do cómputo da renda e patrimonio familiares.

En casos especiais, nos que a unidade familiar non estea conformada do xeito establecido neste punto, a comisión avaliadora poderá requirirle á persoa solicitante a achega da documentación xustificativa que se considere oportuna en cada caso.

### 4.- CRÉDITO ORZAMENTARIO E CONTÍA DAS AXUDAS

A aplicación orzamentaria á que se imputarán estas axudas é a 320/489.16 "Axudas para a escolarización", cun crédito máximo aprobado de 4.000,00€.

A contía das axudas para libros e material escolar quedarán fixadas de acordo co seguinte baremo, sempre e cando sexan xustificadas como gasto realizado, e non podendo superar en ningún caso o importe reflectido no presuposto presentado xunto coa solicitude de axuda (de ser o caso):

Renda per cápita familiar (anual)		Contía máxima da axuda
Igual ou inferior ó IPREM	Ata 6.454,03 €	130 €/alumno
Superior ao 100% e inferior ao 150% do IPREM	De 6.454,03 a 9.681,05 €	100 €/alumno

## 5.- SOLICITUDE E DOCUMENTACIÓN NECESARIA

As solicitudes achegaranse mediante modelo oficial subscrito pola persoa interesada (pai/nai/titor legal). A presentación da dita solicitude comportará a autorización ao órgano xestor para a comprobación dos datos que constan na mesma ante os organismos ou entidades correspondentes.

Cada solicitude deberá ir acompañada da seguinte documentación:

- 1) Fotocopia do DNI de todos os membros da unidade familiar maiores de idade
- 2) Fotocopia do libro de familia
- 3) Certificado da Axencia Tributaria das rendas de todos os membros computables da unidade familiar do exercicio 2017 (só no caso de non asinar a autorización para obter documentación e información das distintas administracións públicas)
- 4) Autorización para obter a documentación e información, necesaria para a tramitación deste expediente, das distintas administracións públicas
- 5) Factura de compra ou orzamento dos libros e do material escolar dun establecemento comercial do municipio
- 6) Nos casos de discapacidade ou dependencia dalgún dos membros da unidade familiar computables, certificado emitido polo organismo oficial correspondente.
- 7) Sentenza xudicial de separación ou divorcio e/ou convenio regulador onde conste a custodia do alumno, de selo caso.

## 6.- LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

As solicitudes xunto a documentación requirida presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Cervo, Praza do Concello s/n, Cervo ou por calquera das formas previstas no artigo 38.4 da Lei 30/92, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

O prazo para a presentación de solicitudes será de 20 días dende a publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

## 7.- PUBLICIDADE

Esta convocatoria de axudas publicarase no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de anuncios do Concello, na páxina web do concello ([www.concellodecervo.com](http://www.concellodecervo.com)) e na Base de Datos Nacional de Subvencións.

## 8.- PROCEDIMENTO

### a. INSTRUCIÓN E ÓRGANO INSTRUTOR

